



Guía Docente

Datos Identificativos					2015/16
Asignatura (*)	Planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos de patrimonio	Código	615488012		
Titulación	Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos (plan 2012)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración				
Coordinación	Leira Lopez, Jose	Correo electrónico	jose.leira@udc.es		
Profesorado	Leira Lopez, Jose	Correo electrónico	jose.leira@udc.es		
Web					



Descrición xeral

Con este programa preténdese unha comprensión da diversidade das dinámicas culturais e as políticas patrimoniais. Establécese como obxectivo prioritario a formación na planificación social e na xénese de modelos de proxectos socioculturais e turísticos para unha posta en valor dos bens patrimoniais e culturais nunhas estratexias de desenvolvemento socioeconómico, tendo en conta a valoración dos procesos identitarios. Reflexiónase tamén sobre as tendencias e os retos culturais que emerxen na nosa sociedade.

Tentarase tamén aproximar ós alumnos e alumnas á Interpretación do Patrimonio como disciplina ou ferramenta axeitada para conferir ese uso social que debe ter o patrimonio, de xeito que este poda ser percibido, e que produza unha actitude positiva do público visitante con respecto ó recurso. A Interpretación poderíase definir, tal como o fai a Asociación para a Interpretación do Patrimonio como a arte de revelar in situ o patrimonio ó público visitante no seu tempo de ocio.

Polo tanto, esta materia tratará de dotar aos alumnos do coñecemento científico e da metodoloxía precisa para a análise dos bens patrimoniais e o turismo cultural, e o posterior desenvolvemento de políticas culturais e turísticas que leven a un maior coñecemento e conservación do patrimonio, a un incremento na satisfacción dos visitantes e a unha maior calidade de vida da poboación local.

Fontes multimedia elaboradas polos profesores (a disposición do alumnado en Moodle):

Presentacións en Power Point 1 e 2

Autor: José Leira

P1: Explicación xeral da materia

P2: Planificación e xestión de novos produtos e destinos turísticos de patrimonio

Presentacións en Power Point 3, 4, 5, 6,7

Autora: María Elvira Lezcano

P3: Introducción á Interpretación do Patrimonio: Definición, principios, público, medios

P4: Turismo e IP

P5: Medios para a IP

P6: Interpretación temática

P7: Planificación interpretativa

Ademáis, na plataforma Moodle, os profesores porán a disposición do alumnado unha serie de documentos en pdf para consulta voluntaria, de gran utilidade para complementar a materia ou o futuro profesional.

TRABALLOS

Os traballos propostos para esta materia, tal como se explica no apartado de avaliación, son dous. Un correspondente á parte do profesor Leira e outro á da profesora Lezcano.

Traballo do profesor Leira: consiste na lectura de catro breves textos propostos polo profesor, sobre os que os alumnos terán que facer unha recensión. Extensión máxima, 6 páxinas

Partes das que constará o traballo:

1-Breve resumo das lecturas

2-Comentario crítico final que relacione o contido dos textos coas posibilidades de deseñar un proxecto de desenvolvemento socioeconómico do territorio baseado nun turismo que se sinta atraído polos bens culturais e patrimoniais.

Traballo da profesora Lezcano: análise pormenorizada dun lugar no que se empregue a Interpretación do Patrimonio como ferramenta de xestión. Proponse o seguinte esquema, que se exporá dun xeito máis detallado na plataforma Moodle .
Extensión máxima: 10 páxinas

Esquema do traballo:

1. Situación de partida. Breve explicación sobre o lugar visitado
2. Clasificación e análise de medios.
3. Especial atención á visita guiada.
4. Análise da mensaxe (tanto na exposición a nivel xeral, como na visita guiada)

5. Valoración global da exposición dende o punto de vista da IP

6. Conclusión final. Propostas de mellora.



Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Que os estudantes coñezan os principios da planificación e a xestión sostible
A2	Diagnosticar necesidades e oportunidades e identificar as potencialidades e ameazas do turismo para o desenvolvemento integral das sociedades receptoras
A4	Que os alumnos aprendan as técnicas de dirección de organizacións públicas e de empresas do sector turístico
A5	Que os alumnos teñan coñecementos sobre a normativa que regula as actividades turísticas
A6	Saber manexar o capital social, entendendo o destino turístico como sistema e relacionar axentes implicados no desenvolvemento do produto turístico
A7	Capacidade para interpretar os cambios sociais e como afectan ás innovacións nos produtos e ao comportamento do consumidor
A8	Planificar novos destinos e produtos turísticos
A9	Remodelar destinos turísticos maduros para adaptalos ás novas esixencias da demanda e ao desenvolvemento sostible das comunidades receptoras
A10	Manexar as TIC para a comunicación, promoción e a comercialización
A11	Saber definir proxectos de investigación innovadores que repercutan positivamente no sector
A12	Utilizar as metodoloxías científicas axeitadas tanto cualitativas coma cuantitativas
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Resolver problemas de forma efectiva.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B11	Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito turístico.
B12	Capacidade para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, que lle doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións.
B13	Comunicar por escrito e oralmente os coñecementos procedentes da linguaxe científica.
B14	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razoamento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos habilidades e destrezas.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Interiorizar os principios da xestión do patrimonio e o seu valor e repercusións sociais	AM1	BM2	CM5
	AM2	BM10	CM7
	AM5	BM12	



Analizar textos e argumentar no ámbito do patrimonio	AM4 AM7	BM1 BM3 BM5	CM1 CM2 CM7 CM8
Identificar as bases da disciplina da Interpretación do Patrimonio	AM8 AM10 AM12		
Determinar a presenza da Interpretación do patrimonio e avaliar a súa efectividade	AM1 AM11	BM1 BM2 BM3 BM13	CM1 CM4 CM6
Explicar o proceso da planificación interpretativa	AM1 AM6 AM8 AM9 AM12	BM2 BM3 BM6 BM11 BM14	CM2 CM5 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cultura e patrimonio. Memoria e territorio (Profesor Leira)	1.1. Conceptos 1.2. Recursos patrimoniais 1.3. Bens de interese cultural
2. Memoria colectiva, cultura e patrimonio: tres eixes do cambio social. Os proxectos socioculturais (Profesor Leira)	2.1. Desenvolvemento socioeconómico baseado no patrimonio e o turismo cultural. 2.2. Bases para o deseño de proxectos socioculturais.
3. Do obxecto patrimonial ao produto turístico (Profesor Leira)	3.1. Planificación, xestión e eficacia social. 3.2. Procesos e políticas patrimoniais e turísticas
4. A Interpretación do Patrimonio como ferramenta de xestión. Os medios interpretativos (Profesora Lezcano)	4.1. Historia e significado. 4.2. Premisas fundamentais 4.3. Clasificación dos medios de IP
5. A elaboración da mensaxe interpretativa (Profesora Lezcano)	5.1. A Interpretación secuencial e temática. O tópico e o tema. 5.2. A comunicación e a Interpretación.
6. A planificación interpretativa (Profesora Lezcano)	6.1. Fases na planificación 6.2. O cálculo do potencial interpretativo 6.3. A avaliación 6.4. Boas prácticas en interpretación
7. Bens culturais, interpretación e turismo (Profesores Leira e Lezcano)	7.1. Desenvolvemento socioeconómico 7.2. Construción de proxectos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Traballos tutelados	A4 A6 A8 A9 A10 A11 A12 A1 A2 A3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C5 C6 C7 C8	0	15	15
Aprendizaxe colaborativa	A7 A2 A3 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B1 B2 B3 B4 C2 C3	0	15	15
Discusión dirixida	A7 A2 B7 B11 B13 B2 B3 B4 C1 C4 C6 C7	4	0	4
Lecturas	A11 A1 A2 B8 B11 B13 B1 B4 C1 C4 C7	0	10	10
Sesión maxistral	A5 A7 A11 A1 A2 B11 B12 B13 B1 B3 C1 C4 C5 C6 C7 C8	26	0	26
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Pódese realizar de xeito presencial ou utilizando as novas tecnoloxías da información e as comunicacións.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Tanto os alumnos presenciais coma os non presenciais desenvolverán este tipo de traballo.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p> <p>Máis dirixido ao alumnado presencial</p>
Discusión dirixida	<p>Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre e espontánea sobre un tema, aínda que xeralmente estarán coordinados por un moderador.</p> <p>Co alumnado presencial desenvolverase durante a clase e co non presencial a través dos foros de participación obrigatoria</p>
Lecturas	<p>Lecturas que debe realizar o estudante a proposta dos textos sinalados polos profesores. Implica un incremento do coñecemento da materia e a formación do espírito crítico preciso. Considérase imprescindible no contexto en que se desenvolve esta formación.</p> <p>Establécense unhas lecturas obrigatorias tanto para os alumnos presenciais como para os non presenciais, tal como se especifica na avaliación. Engádense moitos documentos de lectura na plataforma Moodle, para que estean a disposición do alumnado, pero a súa lectura non é obrigatoria</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral, presencial e/ou apoiada con tecnoloxías da información e as comunicacións, e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>Dirixida aos alumnos presenciais.</p> <p>Para o alumnado non presencial, estas clases substitúense polas presentacións en power point detalladas sobre os contidos, con consultas a través do correo electrónico ou explicacións con grabacións ou por skype.</p>



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Sesión maxistral</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Aprendizaxe colaborativa</p> <p>Discusión dirixida</p> <p>Lecturas</p>	<p>As clases impartiranse durante dúas semanas de forma presencial e atenderase aos alumnos on line. Resolveranse dúbidas cando sexa preciso, mesmo despois desas datas.</p> <p>O ensino desta materia combinará os seguintes métodos:</p> <p>Modalidade presencial</p> <ul style="list-style-type: none"> - Clases expositivas por parte dos profesores nas que se tratará de fomentar a participación do alumnado - Exercicios prácticos para desenvolver de xeito individual ou en grupo na clase - Lectura e análise de textos - Estudo de casos - Saída de campo - Incremento das horas de dedicación ao alumno para asesoralo nos puntos anteriores. <p>Modalidade a distancia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentacións da materia en Power Point, acompañados de arquivos de voz ou vídeos - Lectura de textos recomendados. Estudo de casos - Resolución de dúbidas on line - Foros de discusión - Contacto a través do correo electrónico e Skype <p>As pautas para os traballos na modalidade on line daranse a través da plataforma moodle. A atención ao alumnado farase a través da plataforma ou do correo electrónico dos profesores.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A4 A6 A8 A9 A10 A11 A12 A1 A2 A3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Análise pormenorizada dun lugar no que se empregue a Interpretación do Patrimonio como ferramenta de xestión. Seguiranse as pautas propostas pola Profesora María Elvira Lezcano (plataforma Moodle). Extensión máxima: 10 páxinas</p> <p>Este traballo será correxido pola profesora Lezcano</p>	40
Aprendizaxe colaborativa	A7 A2 A3 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B1 B2 B3 B4 C2 C3	<p>Asistencia ou traballo en conxunto ou individual na aula ou na plataforma virtual, a partir de cuestións propostas polos profesores.</p> <p>Para o alumnado presencial pode ser a asistencia á saída de campo ou a participación dalgunha actividade proposta na clase</p> <p>Para o alumnado non presencial valorarase a través da participación nos foros e a calidade das argumentacións presentadas neles.</p>	10
Discusión dirixida	A7 A2 B7 B11 B13 B2 B3 B4 C1 C4 C6 C7	<p>Para o alumnado on line participación nos foros propostos</p> <p>Para o alumnado presencial, participación nas clases.</p>	10



Lecturas	A11 A1 A2 B8 B11 B13 B1 B4 C1 C4 C7	Realización dunha recensión e comentario crítico a partir de catro pequenas lecturas, propostas polo profesor José Leira (en moodle). Extensión máxima: 6 páxinas. Este traballo será correxido polo profesor Leira	40
----------	--	--	----

Observacións avaliación

A data límite para a entrega dos traballos ou as participacións no foro (1) é arredor dun mes despois da etapa de docencia (11 de abril). Especificarase dun xeito máis concreto 15 días antes do comezo da materia.

(1) Prégase que as intervencións se fagan dun xeito progresivo a medida que se van consultando os materiais.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- LEIRA, J. ((1999)). "Memoria colectiva, cultural y patrimonio.Tres ejes del cambio social". En: Historia Regional e Local (III). Cámara Municipal de Maia, Maia (Portugal)- LEIRA, J ((2003)). "Cultura proyectual y turismo emergente". En: Sociología del Turismo, Rubio Gil, A. (Coord.), Editorial Arie- PADRÓ, J. ((2000)). "La gestión del patrimonio. Una perspectiva territorial". O patrimonio e a cultura proxectual.Un diálogo necesario.Leira y Méndez. Deputación da Coruña- MIRÓ, M. ((2000)). El patrimonio en busca de su lugar en el mundo. Una reflexión sobre los modelos de puesta en valor del patrimonio en España". En: O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario.Leira, J. y Méndez, R. (coords.).Depu- TILDEN, F. ((2006)). La interpretación de nuestro patrimonio. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla.- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E ((2011)). "El Sanatorio Riazor, una auténtica experiencia interpretativa. .En: Boletín de Interpretación nº 25, AIP. "http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/boletin&- (). . <p>As catro primeiras referencias son as de lectura obligatoria para o traballo do porfesor Leira</p></td></tr></table></p>
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	<p>- GONZÁLEZ, M., LEZCANO, M.E. y SERANTES, A. ((2014)). Interpretación do patrimonio artístico: guía para profesionais do turismo. CEIDA (Centro de Extensión UNiversitaria e Educación Ambiental de Galicia, Oleiros, A Coruña</p> <p>- HAM, S. ((1992)). Environmental Interpretation. A practical guide for people with Big Ideas and Small Budgets. Fulcrum Publishing, Colorado.</p> <p>- HAM, S. ((2015)). Interpretación: para marcar la diferencia intencionadamente. Asociación para la Interpretación del Patrimonio (AIP; Valladolid</p> <p>- LEIRA , J. ((2001)). &quot;El turismo cultural como sistema dinamizador. Eficacia y planificación social&quot;. En: Desenvolvemento e planificación municipal do turismo. Álvarez Sousa, , A. (Coord.). Ariel, Madr</p> <p>- LEIRA , J. ((2007)). &quot;Europa: As raíces da construción de novas identidades. Claves reflexivas para un debate&quot;. En: Aulas no Camiño. Diálogos nun Camiño da Cultura Europea. Leira, X. (ed.). Servizo de publicació</p> <p>- LEIRA , J. ((2011)). &quot;La interpretación necesaria en el Turismo Cultural. De los principios de Tilden a los procesos actuales&quot;. En: Teoría sociológica y turismo. Álvarez Sousa, A., (Ed.). Netbiblo, Oleiros (A Coruña. ?</p> <p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. ((1999)). &quot;Novas tendencias en Museoloxía: A Interpretación do patrimonio&quot;. En: Actas do congreso Desenvolvemento Municipal do Turismo, Universidade da Coruña, A Coruña.</p> <p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. ((2004)). A reinterpretación do patrimonio como cultura e economía : os casos de Galicia e Illes Balears&quot;. En: Actas do XV Congreso Nacional de Historia da Arte, Universitat de les Illes Balears, Palma de Ma</p> <p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E ((2012)). &quot;El Camino de San Andrés de Teixido: Una experiencia turística auténtica, emocional e integral&quot;. En: Actas del I Congreso Internacional EJTHR, Destination Branding, Heritage an Authenticity. ISBN 97</p> <p>- MORALES, J. ((1998)). Guía práctica para la Interpretación del Patrimonio. Instituto Andaluz del Patrimonio, Sevilla</p> <p>- MORALES, J. ((2008)). &quot;El sentido y metodología de la interpretación del patrimonio&quot;. En: La comunicación global del patrimonio cultural. MATEOS RUSILLO, S.M. (coord.). Ediciones trea,</p> <p>- PRENTICE, R. ((1993)). Tourism and heritage attractions. Routledge, London.</p> <p>- VEVERKA, J. ((1998)). Interpretive master planning. Accorn Naturalists</p> <p>BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA Trátase dunha listaxe de lecturas recomendadas (servirán de consulta para os traballos), non son de obrigada lectura: Na plataforma Moodle, inclúense unha serie de documentos en pdf, artigos, manuais, que non son de lectura obrigatoria, senón de apoio á docencia. Sirven de consulta ao alumnado o están pensadas para un uso futuro.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



MATERIAIS Na

plataforma Moodle atoparanse os materiais necesarios: .Para a parte de
Profesor José Leira, unha presentación en Power Point, na que se sintetiza a súa parte da materia e catro lecturas propostas, sobre as que se elaborará una recensión (explicada na parte de Avaliación) .Para a parte da
Profesora María Elvira Lezcano, catro presentacións en Power Point nas que se ofrecen de xeito sintético e acompañados de imaxes, os contidos do resto da materia, que se centra na disciplina da Interpretación do patrimonio. Ademais inclúense
aclaracións, notas de voz, vídeos, materiais (documentos en pdf, manuais, artigos ?) e lecturas útiles para consultar ou de interese para o futuro. Na modalidade on line, os alumnos terán que revisar as presentacións e realizar as preguntas que consideren oportunas. Sobre todo, con relación á parte de Interpretación, propóranse algúns foros que, xeralmente, servirán para aclarar dúbidas ou dar explicacións e nos que se prega participación (unha porcentaxe da nota decidírase a partir das intervencións, para o alumnado on line, tal como se expresa na Avaliación).

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías